<b>Dep. Ciencias Naturais.</b> Excursión de un día para estudo do ecosistema litoral (Cíes ou Ría de Arousa).	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	4º ESO e 1º BAC (Bioloxía e xeoloxía).	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. Ciencias Naturais.</b> Charlas a cargo do Instituto Oceanográfico ou Cemma. Posibilidades ofrecidas pola USC.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	1º e 2º BAC.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. Ciencias Naturais.</b> Exposición Medioambiente e minería en Galicia. Elaborada e preparada polo alumnado incluíría realización de 7 carteis en A2, completados con proxección de power points e elaboración de vídeos e xogos interactivos. Custe, de ser posible: impresión de carteis sobre 60 euros.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	4º Cultura científica.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. Ciencias Naturais.</b> Plantación de carballos e castiñeiros	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	4º Ciencia aplicada e FPB1.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. Física e Química.</b> Saída a A Coruña e participación en dúas actividades: visita guiada ao Muncyt e obradoiro.	Segundo trimestre.	2º da ESO.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. Física e Química.</b> Visita a SOGAMA.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre	3º da ESO.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. Física e Química.</b> Visita aos laboratorios de compostos do silicio en Forcarei.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	3º da ESO.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. Física e Química.</b> Visita ao CIQUS de Santiago de Compostela.	Segundo.	4º da ESO, 1º BAC.	Profesorado do departamento e outro a determinar.

<b>Dep. Física e Química.</b> Participación nos premios Stephen Hawking.	Durante todo o curso.	1º BAC.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. Física e Química.</b> Prácticas de laboratoio.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	1º BAC.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. Física e Química.</b> Prácticas de laboratorio indicadas pola CIUG.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	2º BAC.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. Física e Química.</b> Asistencia a masterclass de física de partículas da USC.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	2º BAC.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. Física e Química.</b> Charla impartida polo profesor da UVigo Benito Vázquez.	12 de decembro.	2º BAC.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. EDL.</b> Redes sociais.	Durante todo o curso.	Alumnado responsable do EDL.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. EDL.</b> Taboleiro EDL.	Durante todo o curso.	Alumnado responsable do EDL.	Ánxela Mariño.
<b>Dep. EDL.</b> Titorías de normalización.	Durante todo o curso.	A determinar.	Profesorado titor.
<b>Dep. EDL.</b> Taller de normalización.	Segundo e terceiro trimestre.	A determinar.	Celia Lamela, Dolores Camba, Fe Fernández, Norma Rodríguez, máis titores que realicen algunha actividade proposta.
<b>Dep. EDL.</b> Pequenas cousas extraordinarias (Carbalho Calero).	Durante todo o curso.	A determinar.	Profesorado da biblioteca.
<b>Dep. EDL.</b> Conferencias sobre Carbalho Calero.	Segundo ou terceiro trimestre.	A determinar.	Ánxela Mariño , Xoan Carlos García Porral.
<b>Dep. EDL.</b> Coordinadora comarcal.	Durante todo o curso.	A determinar.	Ánxela Mariño.
<b>Dep. EDL.</b> Samaín.	Primeiro trimestre.	A determinar.	Ánxela Mariño , Xoan Carlos García Porral.

<b>Dep. EDL.</b> Cartel contra a violencia de xénero.	Primeiro trimestre.	A determinar.	Ánxela Mariño.
<b>Dep. EDL.</b> Silledagasalla.	Primeiro trimestre.	A determinar.	Titorías de normalización.
<b>Dep. EDL.</b> Entroido.	Segundo trimestre.	A determinar.	Profesorado do Taller de Normalización.
<b>Dep. EDL.</b> Letras galegas 2020.	Terceiro trimestre.	A determinar.	Fe Fernández, Dolores Camba, Ánxela Mariño.
<b>Dep. EDL.</b> Correlingua.	Terceiro trimestre.	A determinar.	Ánxela Mariño e outro profesorado a determinar.
<b>Dep. EDL.</b> Concurso de Carteis “Sempre en galego”.	Terceiro trimestre.	A determinar.	Departamento en colaboración co profesorado de plástica outro profesorado a determinar.
<b>Dep. EDL.</b> Concurso literario “María Victoria Taboada”.	Terceiro trimestre.	A determinar.	Celia Lamela , María Xosé Ledo.
<b>Dep. EDL.</b> Concurso de micro relatos e micro curtas.	Terceiro trimestre.	A determinar.	Fe Fernández , Ánxela Mariño.
<b>Dep. EDL.</b> Medios en galego.	Durante todo o curso.	A determinar.	Ánxela Mariño , Xoan Carlos García Porral.
<b>Dep. EDL.</b> A música en galego.	Primeiro trimestre.	A determinar.	Ánxela Mariño.
<b>Dep. EDL.</b> Colaboración co Concello de Silleda.	Durante todo o curso.	A determinar.	Titorías de normalización.
<b>Dep. EDL.</b> Charla sobre o Samaín por Rafael Quintía.	Primeiro trimestre.	1º da ESO e 2º PMAR.	Ánxela Mariño e outro profesorado a determinar.
<b>Dep. Orientación.</b> Charla “Microbios amigos”.	Segundo ou terceiro trimestre.	4º da ESO e 1º BAC.	Orientación en profesorado a determinar.
<b>Dep. Orientación.</b> Obradoiros organizados pola Cruz Vermella. Educación afectiva-sexual.	Segundo trimestre.	1º da ESO.	Orientación en profesorado a determinar.

<b>Dep. Orientación.</b> Obradoiros organizados pola Cruz Vermella. Resolución de conflitos.	Segundo trimestre.	2º da ESO.	Orientación en profesorado a determinar.
<b>Dep. Orientación.</b> Obradoiros organizados pola Cruz Vermella. Drogodependencias.	Segundo trimestre.	3º da ESO e FPB1.	Orientación en profesorado a determinar.
<b>Dep. Orientación.</b> Obradoiros organizados pola Cruz Vermella. Tolerancia e violencia de xénero.	Segundo trimestre.	4º da ESO e FPB2.	Orientación en profesorado a determinar.
<b>Dep. Orientación.</b> Visita á Universidade.	Segundo trimestre.	1º e 2º BAC.	Orientación en profesorado a determinar.
<b>Dep. CMAFD.</b> Saídas dun día a lugares de interese natural de Galicia.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Prácticas co alumnado da ESO e Bacharelato do centro e/ou outros centros educativos de sendeirismo, orientación, escalada e acampada.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD e da ESO e BAC a determinar.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Saídas en horario escolar polos arredores do centro e zonas da comarca para prácticas de orientación e sendeirismo.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Saídas á zona de Santiago e Camiños para realizar prácticas.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Travesía de tres días a efectuara finais do segundo trimestre ou principios do terceiro.	Segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Acampada dunha ou dúas noites con prácticas de orientación/travesía.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Saídas a escalar dentro do horario lectivo.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.



<b>Dep. CMAFD.</b> Viaxe escolar zona de montaña con neve, para experimentar actividades como o esquí, a escalada ou o sendeirismo con raquetas.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Curso de esquí en Andorra.	Segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Viaxe co alumnado da ESO a zonas de montaña para a práctica de sendeirismo e orientación	Segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD e da ESO a determinar.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. CMAFD.</b> Rapel, tirolina e pasamáns en zonas próximas ó centro educativo (varará a ubicación en función da meteoroloxía e o estado dos cursos de auga).	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Rutas na comarca do Deza (orientación e travesía).	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Saídas a zonas de escalada (Taboada, Carcacia e Caldas de Reis).			
<b>Dep. CMAFD.</b> Saídas en bicicleta en horario escolar polos arredores do centro e zonas da comarca.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Saídas o circuito de trial de Silleda.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Prácticas con alumnado da ESO de condución de bicicletas e educación vial.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD e da ESO a determinar.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Saídas en horario escolar polos arredores do centro e da comarca para prácticas de equitación.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.

<b>Dep. CMAFD.</b> Travesía de equitación de dous días.	Terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Asistencia ao Centro Deportivo <i>Lalín Arena</i> para visitar o servizo de Actividade Física Saudable.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Elaboración e posta en práctica dun plan de achegamento do SVB a toda a comunidade educativa.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Colaboración con COGAMI para realizar actividades lúdicas, deportivas e talleres de manualidades nas nosas instalacións e nas desta entidade situadas na vila de A Bandeira (Pontevedra).	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Asistencia a algún evento de integración de persoas con discapacidade: partidos da <i>Liga genuine</i> (Lugo ou Vigo en función do calendario) e <i>Marzo sen Fronteiras</i> en Vilagarcía.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Saída a Portoson para presenciar operación de rescate e ruta de sendeirismo pola zona.	Primeiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Escape en Lalín con empresa Eduvia e visita a museo do castro de Lalín.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Visita a FervenzAventura en Bandeira.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Ruta de sendeirismo dende o centro escolar a Ponte Taboada con 1º da ESO.	Terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD e de 1º da ESO.	Profesorado do departamento e outro a determinar.

<b>Dep. CMAFD.</b> Ruta de sendeirismo de dous días con pernocta. Médulas e actividades nas cabañas de Carracedo. Con 1º e 2º da ESO.	Terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD e 1º e 2º da ESO.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. CMAFD.</b> Ruta senderismo pola zona das catedrais e actividades na natureza (piragüismo e bicicleta) co alumnado de 1º e 2º da ESO en Ribadeo. Dous días.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD e 1º e 2º da ESO.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. CMAFD.</b> Saída de tres días co alumnado de 1º BAC (propostas iniciais son en Somiedo ou Picos de Europa). Realizaranse actividades de sendeirismo e posiblemente tamén algunha actividade máis na natureza.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD e 1º BAC.	Profesorado do departamento e outro a determinar.
<b>Dep. CMAFD.</b> Gincana no colexio de primaria de Silleda a final de curso.	Terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Descenso de barrancos.	Terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Rafting con empresa Amextreme. Escalada e rapel.	Terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. CMAFD.</b> Asistencia a parque multiaventura de Marín e xornada de actividades lúdicas na praia.	Terceiro trimestre.	Alumando do CMAFD.	Profesorado do departamento.
<b>Dep. Equipa de Biblioteca.</b> Cineclub.	Primeiro, segundo ou terceiro trimestre.	A determinar.	Profesorado do equipo e doutros departamentos a determinar.
<b>Dep. Vicedirección</b> Sesión con planetario móbil.		1º da ESO.	Vicedirección e outro profesorado a determinar.

## 6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

### a) MODIFICACIÓNS:

- a. Melloras na alarma do centro
- b. Substitución das portas de acceso
- c. Substitución da cancela da entrada
- d. Revisión do pararraios
- e. Revisión do ascensor
- f. Revisión e substitución de extintores

### b) SIMULACROS:

- a. Programaremos un simulacro de incendio e desaloxo, en colaboración coa unidade de bombeiros de Silleda, no segundo trimestre do presente curso.
- b. O alumnado do CMAFD recibirá formación para intervir en situacións de emerxencia.
- c. Solicitaremos algún programa de formación en RCP.

## 7. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA

### ● Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/ Especialidade
Norma Rodríguez González	8	Lingua Castelá e Lit.
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/ Especialidade
Belén González Aguiar		Linguas Clásicas
Fermín Cambeiro Cambeiro		Física e Química
M. <sup>a</sup> Xosé Ledo López		Lingua Galega e Lit
Celia Lamela Couto		Lingua Castelá e Lit
Marcial Fernández Vázquez		Lingua Francesa
M. <sup>a</sup> Begoña González Cuñarro		Lingua Galega e Lit

### ● Horario:

Horarios funcionamento biblioteca	
Horario de apertura con atención do equipo de biblioteca en horario lectivo	De 8.50 – 14.30
Horario de apertura en horario non lectivo.	---
Horario para a coordinación de biblioteca.	Xoves 10.50 – 11.40 (coordinadoras do equipo) Venres 10.30- 11.40, 1º recreo (todo o equipo)

- A biblioteca do IES Plurilingüe Pintor Colmeiro forma parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) desde o ano 2006.
- Orzamento asignado á biblioteca.
  - 700 € do Orzamento do centro
  - 1450 € do PLAMBE
  - 1000 € dos fondos STEAM.
- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

<b>Obxectivo: Mellorar a participación do alumnado</b>			
<b>Acción 1</b>	Creación dun grupo de alumnado colaborador da biblioteca		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	Créase un equipo de polo menos 4 alumnos presente na actividade da biblioteca durante o curso.		
<b>Responsables</b>	Norma Rodríguez González		
<b>Recursos e materiais</b>	O medios propios da biblioteca.		
<b>Acción 2</b>	Deseño dun calendario trimestral de actividades con atención á participación activa do alumnado como suxeito, non como espectador.		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>
<b>Indicador</b>	Presenza activa de alumnos “protagonistas” en cada actividade.		
<b>Responsable/s</b>	Norma Rodríguez González e Belén González Aguiar		
<b>Recursos e materiais</b>	Os propios da biblioteca.		
<b>Acción 3</b>	Creación dun cine-club		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>
<b>Indicador</b>	Proxección dun mínimo dunha película por trimestre.		
<b>Responsable/s</b>	Norma Rodríguez González		
<b>Recursos e materiais</b>	Proxector e pantalla da biblioteca, películas e bibliografía relacionada.		

<b>Obxectivo: Reconfiguración do espazo da biblioteca escolar</b>			
<b>Acción 1</b>	Eliminación de mobiliario y material inutilizado e habilitación de espazos despeixados para empregar.		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	Mobiliario retirado		
<b>Responsable/s</b>	Norma Rodríguez González		
<b>Recursos e materiais</b>	Os propios da biblioteca.		
<b>Acción 2</b>	Re-etiquetado das seccións da biblioteca cun formato con mellor lexibilidade e estética		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	Cámbianse as etiquetas Os usuarios confirman a súa mellor lexibilidade		
<b>Responsable/s</b>	Norma Rodríguez González e Belén González Aguilar		
<b>Recursos e materiais</b>	Etiquetas e impresión plastificada.		
<b>Acción 3</b>	Creación dunha sección de lectura xuvenil cun “rincón” de lectura		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º</b>
<b>Indicador</b>	Sección separada de libros de literatura xuvenil . Espazo diferenciado de lectura próximo a esta sección		
<b>Responsable/s</b>	Norma Rodríguez González e Belén González Aguiar		
<b>Recursos e materiais</b>	Mobiliario específico		
<b>Obxectivo: Equilibrar os fondos de ficción e non ficción</b>			
<b>Acción 1</b>	Consulta aos departamentos implicados das adquisicións de interese		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	Mércase un 20% de fondos de non ficción.		
<b>Responsable/s</b>	Fermín Cambeiro Cambeiro		
<b>Recursos e materiais</b>	Orzamento específico para estes fondos		

<b>Obxectivo: Formación específica do equipo e de profesores colaboradores.</b>			
<b>Acción 1</b>	Curso de iniciación e avanzado de xestión de bibliotecas.		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	Realización do curso por parte dun mínimo de 8 profesores.		
<b>Responsable/s</b>	Norma Rodríguez González		
<b>Recursos e materiais</b>	O propios da biblioteca e os proporcionados polo CAFI.		

<b>Obxectivo: Mellorar a participación do profesorado e a súa interdisciplinaridade</b>			
<b>Acción 1</b>	Dinamización do Programa Club de letras		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>
<b>Indicador</b>	Participan no programa 4 departamentos diversos		
<b>Responsable/s</b>	Norma Rodríguez González		
<b>Recursos e materiais</b>	Medios e gravación audiovisual, expositores e equipos informáticos.		
<b>Acción 2</b>	Colaboración no proxecto Olimpíadas.		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>
<b>Indicador</b>	Realización de actividades no espazo da biblioteca e cos materiais da biblioteca.		
<b>Responsable/s</b>	Belén González Aguiar		
<b>Recursos e materiais</b>	Os propios da biblioteca.		
<b>Acción 3</b>	Confección dun calendario compartido e coordinado co equipo de Normalización		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>
<b>Indicador</b>	Calendario de actividades integrado		
<b>Responsable/s</b>	M. <sup>a</sup> Xosé Ledo e M. <sup>a</sup> Begoña González Cuñarro		

<b>Obxectivo: Posta ao día do fondo (revisión de exemplares extraviados e expurgo)</b>			
<b>Acción 1</b>	Revisión das bibliotecas de aula e supresión das que non se empreguen		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	Traslado dos libros		
<b>Responsable/s</b>	Celia Lamela Couto		

<b>Recursos e materiais</b>	Os propios da biblioteca		
<b>Acción 2</b>	Revisión dos libros ilocalizados e posta ao día da base de datos.		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	Disminución significativa dos exemplares ilocalizados nas solicitudes dos usuarios.		
<b>Responsable/s</b>	Belén González Aguiar		
<b>Recursos e materiais</b>	Os propios da biblioteca.		
<b>Obxectivo: Revisión do Proxecto lector de centro</b>			
<b>Acción 1</b>	Estudo da situación mediante a análise de datos e enquisas.		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	Documento que recolla os datos e os analice.		
<b>Responsable</b>	Norma Rodríguez		
<b>Recursos e materiais</b>	Os propios da biblioteca.		
<b>Acción 2</b>	Redacción dun primeiro borrador da revisión		
	<b>Temporalización</b>		
	<b>1º T</b>	<b>2º T</b>	<b>3º T</b>
<b>Indicador</b>	Borrador do novo Proxecto Lector de Centro.		
<b>Responsable</b>	Norma Rodríguez		
<b>Recursos e materiais</b>	Os propios da biblioteca.		

## 8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

- Descrición dos programas.

<b>Actividade formativa/programa:</b> Formación en tablets para uso educativo	
<b>Descrición do programa</b>	O profesorado vai coñecer programas e aplicacións útiles para a xestión da súa tarefa diaria a través de dispositivos electrónicos.
<b>Tipo</b>	<input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Grupo Traballo <input checked="" type="checkbox"/> Seminario <input type="checkbox"/> Xornada <input type="checkbox"/> Ponencia <input type="checkbox"/> Taller
<b>Horas (20)</b>	<b>Temporalización</b>
	<b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/> <b>2º T</b> <input type="checkbox"/> <b>3º T</b> <input type="checkbox"/>
<b>Responsables</b>	CFR
<b>Participantes</b>	Especificar nº de participantes e a porcentaxe do total do claustro. 10 profesores (21,7%) Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
<b>Nome coordinador</b>	María José Patiño Montero
<b>Nome asesor externo</b>	Coordina Sandra Seijas (CEFORE) a selección



Actividade formativa/programa: Formación no programa Meiga da biblioteca						
Descrición do programa	O profesorado vai coñecer máis a fondo o programa Meiga para a xestión de bibliotecas escolares					
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Traballo	<input checked="" type="checkbox"/> Seminario	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas (30)	<b>Temporalización</b>					
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>		2º T <input checked="" type="checkbox"/>		3º T <input type="checkbox"/>	
Responsables	CFR					
Participantes	Especificar nº de participantes e a porcentaxe do total do claustro. 9 profesores (19%)			Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>		
Nome coordinador	Norma Rodríguez González					
Nome asesor externo	Coordina Sandra Seijas (CEFORE) a selección					

Actividade formativa/programa: Formación en Márketing Dixital						
Descrición do programa	O profesorado vai coñecer mellor as posibilidades do módulo de M.D.					
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso	<input type="checkbox"/> Grupo Traballo	<input checked="" type="checkbox"/> Grupo de traballo	<input type="checkbox"/> Xornada	<input type="checkbox"/> Ponencia	<input type="checkbox"/> Taller
Horas (20)	<b>Temporalización</b>					
	1º T <input type="checkbox"/>		2º T <input type="checkbox"/>		3º T <input checked="" type="checkbox"/>	
Responsables	CFR					
Participantes	Especificar nº de participantes e a porcentaxe do total do claustro. 3 profesores (7%)			Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>		
Nome coordinador	Eva Blanco Francisco					
Nome asesor externo	Coordina Sandra Seijas (CEFORE) a selección					

## 9. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO

### 9.1. RELACIÓN DE EMPRESAS COLABORADORAS

No primeiro trimestre do presente curso as empresas que van colaborar co centro admitindo alumnado para a FCT (alumnado de CMAFD) son:

#### Empresa

- Xeitura - Allariz
- Desafío Ocio - A Estrada
- ASDIVALU - Valga (Concello)
- Roteiros - Lalín
- En período de verán, a empresa silledense As Verias admitiu a unha alumna de FCT.

## 9.2. CALENDARIO E FASES NAS QUE SE VAIA DESENVOLVER A ACCIÓN

FCT SETEMBRO-DECEMBRO 2019

Folla resumo:

Alumno/a	Empresa	Lugar	Período
Brais Rodríguez Penido	Xeitura (Toni)	Allariz	20.09 a 9.12
Samuel Barral Rodríguez	Desafío Ocio (Esteban)	A Estrada	23.09 a 10.12
Sergio Rey Matos	ASDIVALU	Valga	24.09 a 11.12
Joseph Javier Daszkal González	Roteiros	Lalín	23.09 a 10.12
Nerea Granja Pereiro	Roteiros	Lalín	23.09 a 10.12

Tamén está prevista a realización de FCT no período xaneiro a marzo de 2020. Alumnado e empresas por determinar.

## 10. PROXECTO EDUCATIVO

Este documento (de considerable extensión) atópase exposto ao público na páxina web do centro [[ver ligazón](#)].



No presente curso a oferta educativa é a seguinte:

- **Grupos de alumnado**
  - 1º ESO: 59 alumnos/as (dous grupos con desdobres)
  - 2º ESO: 52 alumnos/as (dous grupos con desdobres, 2º A inclúe PMAR)

- 3º ESO: 52 alumnos/as (dous grupos con desdobres)
- 4º de ESO: 66 alumnos/as (tres grupos)
- 1º de bacharelato: 25 (un grupo)
- 2º de bacharelato: 42 (dous grupos)
- Ciclo medio de conducción de actividades físicas e deportivas no medio natural: acadouse o límite de 22 alumnos/as cando se formalizou a matrícula correspondente á adxudicación extraordinaria.
- Ciclo superior de xestión de vendas e espazos comerciais: había 3 matriculados en 1º curso e a comezos de setembro a Administración decidiu cancelar a oferta dese primeiro curso. Hai 4 en 2º curso.
- FPB: 5 alumnos/as en 1º curso e 8 en 2º.
- FCT: 5 alumnos/as van realizar as prácticas no período setembro-deseembro.
- Educación secundaria para persoas adultas (ESA): 9 estudantes en módulo 3 e 10 en módulo 4.
- Ensinanzas básicas iniciais para persoas adultas (EBI): 7 alumnos/as matriculadas/os.

A novidade en canto a oferta de **materias de libre configuración** para o presente curso: Impartirase **Portugués** en 1º e 2º de bacharelato (1 hora semanal).

## 11. CONCRECIÓN CURRICULAR

Este documento (de considerable extensión) atópase exposto ao público na páxina web do centro [[ver ligazón](#)].



- Modificacións que se puideran producir.
  - No presente curso non se imparte o 1º curso do Ciclo Superior de Xestión de Vendas e Espazos Comerciais.
- Materias de libre configuración. Enumeración das mesmas coas datas de autorización.
  - Portugués, de 1º e 2º de bacharelato.

Data de autorización: 30 de maio de 2019.

Asinado por: PEREZ ARES, CESAR AUGUSTO  
 Cargo: Xefe Territorial  
 Data e hora: 30/05/2019 10:47:03

## 12. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

- Non formamos parte da rede E-Dixgal.
- A relación actualizada de libros de texto atópase na páxina web do centro:

**IES Plurilingüe Pintor Colmeiro**  
 Ensino público e de calidade en Silleda (Galicia), As Ferreiras, s/n - 36540 Telf. 986 580 904

[CORREOEDU](#)
[XADE](#)
[SERVIDOR ABALAR](#)
[GMAIL](#)
[PROXECTO ANTONIO FRAGUAS](#)

[al educativo](#)
[Recursos Educativos](#)
[SEM Correo](#)
[Web antiga](#)
[Webs dinámicas](#)

9-20

**ENTRO**

**Libros de texto 19-20**

Sáb, 05/10/2013 - 10:26 — xdafonte

Documentación

Adxunto	Tamaño
libros de texto ESO e Bac 2019-20 [IES Pintor Colmeiro].pdf	277.13 KB

## 13. PLAN ANUAL DE LECTURA

Este curso renóvase gran parte do equipo de biblioteca polo que se vai facer unha revisión do proxecto lector de centro ao longo do curso. Para o deseño do plan de lectura deste curso remitímonos ao proxecto vixente, salvo en aspectos dos que, pola súa urxencia, se vai facer xa unha revisión parcial.

**As medidas a desenvolver este ano a partir do Proxecto lector son:**

### 1. Organización e xestión.

- Durante o curso pasado realizouse o cambio de programa de xestión de bibliotecas de Abies a Meiga. Este proceso estase rematando e o profesorado precisa formación

para a catalogación dos libros e a xestión de préstamos, polo que se organizará un novo curso. En todo caso, ante a noticia da implantación dun novo programa nas bibliotecas públicas galegas, temos o contido desta formación en suspenso ata saber exactamente cal é a opción máis práctica a medio prazo.

- Conformarase un equipo tentando que sexa máis interdisciplinar, especialmente, no tocante aos departamentos de ciencias. Incorpórase un membro do departamento de Física e Química.
- Buscarase unha organización cooperativa, con dúas persoas coordinadoras e delegación de responsabilidades concretas nos integrantes do equipo, procurando unha certa especialización.
- Actualmente as bibliotecas de aula apenas son empregadas polos docentes e desincentivan a concorrencia dos alumnos ao espazo da biblioteca. Por outra parte, a dispersión dos libros en tantos espazos está xerando un verdadeiro problema organizativo. Manteranse os fondos que realmente son empregados e eliminaranse as bibliotecas onde non teñen uso, centralizando os fondos na biblioteca.
- Na organización da biblioteca as seccións de literatura están feitas cun criterio idiomático, máis propio dunha biblioteca pública de carácter xeral ca dunha biblioteca escolar. Para facilitar a accesibilidade ás obras adecuadas, particularmente aos alumnos do primeiro ciclo, organizarase unha sección de literatura xuvenil.

## **2. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca e á súa integración no tratamento do currículo.**

- Farase un calendario conxunto co equipo de Normalización, coordinándose en todas as actividades para traballar cooperativamente nos espazos de acción común.
- Procurarase un deseño de actividades coa maior interdisciplinariedade e se insistirá moito en convidar á participación a todos os departamentos, especialmente aos departamentos vinculados ás ciencias, que habitualmente teñen menor participación.
- Participarase en dous proxectos interdisciplinares, dos que o equipo da biblioteca coordinará un.

## **3. Dinamización da participación do alumnado.**

- Crearase un grupo de alumnos colaboradores da biblioteca con funcións específicas.
- Crearase un Cineclub vinculado a un club de lectura, cuxas proxeccións terán lugar na biblioteca.
- Realizaranse catro clubs de lectura.
- No deseño das actividades terase especial coidado en que todas as tarefas posibles sexan realizadas polos propios alumnos como suxeitos activos da aprendizaxe.

## **4. Organización do espazo.**

- O espazo da biblioteca precisa unha reconfiguración para facerse máis atractivo e practicable. Proxéctase a creación de espazos máis recollidos para a lectura e o traballo en grupos.

- Neste curso procederemos a eliminar o mobiliario inutilizado e, na medida do posible, crearemos un primeiro rincón de lectura vinculado á sección de literatura xuvenil.
- Por outra parte, para paliar os problemas de espazo estudarase a adquisición de mobiliario específico para as películas en DVD, de xeito que se liberen estanterías e se mellore a súa consulta.

### 5. Revisión do fondo e expurgo.

- Existe na actualidade un problema de localización de volumes que fai necesaria unha revisión íntegra do fondo para eliminar da base os libros extraviados.
- Por outra parte, a necesidade de espazo fai convinte practicar un expurgo dos volumes desactualizados ou pouco adecuados para os usuarios da biblioteca pola súa especificidade. A primeira medida será a retirada das enciclopedias, que non teñen uso, e as coleccións de literatura xuvenil sen uso. Por agora, retiraranse a outros espazos do centro de acceso máis limitado.

### 6. Incremento do fondo e revisión dos criterios de adquisición.

- Revisaranse os criterios de adquisición de fondo tendo en conta dúas indicacións feitas pola Consellería:
  - O papel de factor de compensación social que debe cumprir a biblioteca. Neste sentido, estudarase a ratio razoable de obras de lectura obrigada adquiridas pola biblioteca por número de alumnos. Por outra parte, revisaranse as carencias da biblioteca tendo en perspectiva as necesidades do alumnado con menor accesibilidade á cultura no seu entorno social.
  - A necesidade de equilibrar os fondos de ficción e non ficción. Os nosos fondos son maioritariamente literarios e temos moitas carencias noutros ámbitos do saber, non só das ciencias, senón das artes plásticas, a música, a filosofía... Procurarase comezar a compensar este desequilibrio.

ACTIVIDADE	DATA PREVISTA	CURSO IMPLICADO	PROFESORADO RESPONSABLE
<b>Clubs de lectura</b>	Ao longo do curso	Toda a ESO	Dolores Camba (coordinadora dos Clubs de Lectura)
<b>Samaín (concurso de relatos dramatizados)</b>	28, 29 e 30 de outubro	Todos os grupos	Norma Rodríguez González

<b>Día de Xosé Neira Vilas</b>	12 de novembro	Todos os grupos	Belén González Aguiar
<b>Celebración do Nadal. Agasalla un préstamo</b>	20 de decembro	Todos os grupos	Marcial Fernández Vázquez
<b>Entroido</b>	21 de febreiro	Todos os grupos	Belén González Aguiar
<b>Día da muller</b>	9 de marzo	Todos os grupos	Fermín Cambeiro Cambeiro
<b>Día do libro</b>	23 de abril	Todos os grupos	Celia Lamela Couto
<b>Día das Letras Galegas</b>	18 de maio	Todos os grupos	María Xosé Ledo
<b>Leo en verán</b>	Xuño	Todos os cursos	Begoña González Cuñarro
<b>Club de Letras</b>	1º e 2º trimestre	2º de ESO, 1º BAC, 3º e 4º de ESO	Norma Rodríguez González
<b>Proxecto Olimpíadas</b>	2º e 3º trimestre	Todos os grupos	Belén González Aguiar e María Patiño
<b>Cineclub</b>	Ciclo trimestral	2º e 4º da ESO	Norma Rodríguez González

## 14. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL. ABALAR/EDIXGAL

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
XOÁN CARLOS GARCÍA PORRAL	4	PES/RELIXIÓN CATÓLICA
Nome equipo apoio/dinamización	Nivel/Especialidade	
XOSÉ FUENTES RODRÍGUEZ	EBI-Adultos	

- Cursos e nº de alumnado participante

Curso	Nº grupos	Nº alumnos	Nº materias	Nº Profesores participantes	Faise uso do espazo Abalar pola familias
1º ESO	2	59	7	7	NUNHA BAIXA PORCENTAXE
2º ESO	2	52	8	8	NUNHA BAIXA PORCENTAXE

- Uso aula virtual Moodle. Especificar nº de materias e nº de profesorado que a usa. Non nos consta que haxa usuarios de Moodle. Si se emprega con frecuencia a aula virtual.
- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo:			
<b>Acción 1</b>	<b>ABALAR e TIC: PROXECTO MICROTAPONIMIA DE SILLEDA:</b> Iniciación e perfeccionamento no uso das TIC, a través do manexo da aplicación Galicia Nomeada (tanto en PC's como en dispositivos móbiles) a partires da xeolocalización da microtoponimia do Concello de Silleda		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Realiza búsquedas de información accedendo a diferentes fontes de diversa tipoloxía Selecciona e avalía recursos e ferramentas para o traballo en grupo Utiliza as TIC para comunicarse e compartir coñecementos Utiliza diferentes aplicacións para xestionar contidos e acceder á información		
<b>Responsables</b>	XOÁN CARLOS GARCÍA PORRAL		
<b>Recursos e materiais</b>	AULAS ABALAR DE 2º DE ESO e AULAS DE INFORMÁTICA DO CENTRO		
<b>Acción 2</b>	<b>AULAS DE INFORMÁTICA:</b> Incrementar o número de equipos informáticos a disposición de alumnado e profesorado. Creación de aulas de informática.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Aumentar un 10% o número de equipos dispoñibles.</b>		
<b>Responsables</b>	Xosé Fuentes		
<b>Recursos e materiais</b>	Orzamento xeral do centro. A acción consiste en optimizar equipos que teñen certa antigüidade substituíndo o disco duro tradicional por un SSD e ampliando a memoria RAM. Tamén se instala o software máis axeitado a ese tipo de equipos.		



## 15. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

O noso centro leva moitos anos comprometido coa educación para a saúde; así se especifica no noso Proxecto Educativo e así o acreditan as nosas actuacións. Como é obvio, a alimentación é un elemento esencial dentro dese ámbito, polo que constitúe o eixo de diversos proxectos que se veñen levando a cabo no IES Plurilingüe Pintor Colmeiro: almorzos/xantares/merendas saudables, distribución gratuíta de froita fresca, etc. Aprender alternativas ao alcol. Estamos en situacións ambientais onde é preciso pechar os ciclos, polo que trataríamos os residuos dos alimentos das actividades comezando a compostaxe no IES. O centro imparte dende o curso 2018 2019 a materia de LCC “Actividade física e saúde”, programada polo departamento de educación física. Esta materia pretende paliar o déficit de actividade física entre o alumnado de 2º de bacharelato, que xa non ten materia con ese nome, ao tempo que promove hábitos de vida saudables.

A persoa responsable da cafetería do centro adquiriu o compromiso de ofrecer durante todo o curso froita fresca, bocadillos e froitos secos. Ao mesmo tempo quedaron erradicados da oferta os refrescos de alto contido en azucre, as bebidas enerxéticas e a bolería industrial.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Reparto de froita fresca	2º e 3º tr	ESO e Bac	Xosé Fuentes
Almorzos saudables	2º tr	3º ESO	Ignacio Valverde
Obradoiro de cócteles sen alcol	3º tr	ESO	Ignacio Valverde
Compostaxe	3º tr	ESO	Ignacio Valverde
Clases de AFSA	Todo o curso	2º Bac	Borja Costoya

## 16. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

### 16.1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

#### **Profesorado:**

Fe Fernández Penelo  
M<sup>a</sup> Dolores Camba Castro  
M<sup>a</sup> Xosé Ledo López  
Begoña González Cuñarro  
Marcial Fernández  
Xoán Carlos García Porral  
Celia Lamela Souto  
Ánxela Mariño Varela

#### **Alumnado de 3º e 4º de ESO**

A constitución do EDL tivo lugar o mércores, 9 outubro 2019.

## 16.2. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

### AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DE SILLEDA

1. Eliminar os prexuízos lingüísticos en todos os ámbitos e en toda a comunidade a través da sensibilización idiomática e a promoción da análise crítica dos prexuízos existentes sobre a lingua. **Obxectivo en proceso.**
2. Consolidar o galego como lingua habitual dos grupos xa instalados no idioma e procurar avances nos individuos bilingües con predominancia do castelán ou monolingües en castelán. **Consolidada en grupos instalados , avances en individuos non falantes, en proceso.**
3. Fomentar o uso da lingua galega dentro da contorna , tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos sociais. **Obxectivo en proceso.**
4. Promover relacións coas sociedades, colectivos e administracións do contorno escolar que teñan incidencia na comunidade educativa. **Obxectivo en proceso**
5. Fomentar os valores funcionais, de identidade do idioma. **Obxectivo conseguido con diminución no profesorado.**
6. Promover a relación coas institucións comarcais e as actividades conxuntas con outros centros e actividades culturais da comarca. **Obxectivo conseguido**

### AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

1. Fomentar o uso da lingua galega como lingua oficial do centro, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos educativos. **Obxectivo en proceso.**
